

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE ABRIL DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense da totalidade da rúa da Concordia e do treito da avenida de Buenos Aires situado entre as rúas de Santo Domingo e Ramón Cabanillas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede a súa convocatoria, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia para a profesionalización, adaptación á nova demanda e comercialización de novos produtos, reactivación e incentivación da contratación dos guías de turismo de Galicia, por importe total de cento setenta mil euros (170.000 €), así como autorizar os pagamentos anticipados ata o 100% da subvención concedida e a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se aproba a convocatoria de axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en Plans de innovación (InnovaPeme)

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, mediante acordo marco cun único empresario en cada lote, da subministración e do servizo de instalación de kits de aula dixital para centros educativos no marco do proxecto Abalar (AMT-2021-0041), por un valor estimado de quince millóns trescentos mil euros (15.300.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Valga para a segunda fase da dotación de servizos e pavimentación na PO-190, desde o punto quilométrico 0+470 ao punto quilométrico 1+290, por importe total de cincocentos trinta e un mil catrocentos noventa e oito euros con trinta céntimos (531.498,30€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Castro de Rei para a mellora da rede de abastecemento de auga de Castro de Rei. Fase 2. Castro de Rei (Lugo), por importe de catrocentos mil euros (400.000 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do programa operativo Feader Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mos para a execución da obra: remate da rede de saneamento en Pereiras. Mos (Pontevedra), clave OH.336.1196, por importe de catrocentos trinta mil vinte e seis euros con dez céntimos (430.026,10€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do programa operativo Feader Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, a proxectos desenvolvidos por empresas galegas de exhibición cinematográfica de carácter comercial que contribúan a garantir e fortalecer a súa viabilidade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que se aproban as bases xerais de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a festivais de artes escénicas e de música e se aproba a convocatoria para o ano 2021.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Monterroso para a creación dun museo na vila de Monterroso, por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o contrato programa da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, para a coordinación e prestación de servizos de urgencias médicas.
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos por importe de cento sesenta e oito mil douscentos cincuenta e tres euros (168.253,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía Asvidal, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos por importe cento noventa e oito mil setecentos oito euros (198.708 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación unidade de tratamento do alcol e condutas adictivas Utaca por importe de cento noventa e dous mil seiscentos noventa e tres euros (192.693 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos por importe cento oito mil cento oitenta e catro euros (108.184 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual (2021-2023) e a modificación da porcentaxe sinalada para o importe conxunto dos pagamentos á



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

conta no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, correspondentes á Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura e se procede á súa convocatoria, por importe de noventa e tres mil oitenta euros (93.080 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a nova liña de transformación, dirixida á achega de fondos para a reactivación e crecemento do tecido empresarial galego tras a COVID-19.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as actuacións de control tributario 2020.
- Informe sobre o peche do exercicio orzamentario 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o desenvolvemento e posta en marcha da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, en materia de avaliación ambiental.
- Informe sobre o programa Rexurbe e as Áreas Rexurbe.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo tramite de emerxencia, da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de setecentos setenta e sete mil oitocentos noventa e cinco euros e sesenta céntimos (777.895,60 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo tramite de emerxencia, da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de cento dez mil trece euros e sesenta e nove céntimos (110.013,69 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da 9ª adquisición de bens, por importe de cento tres mil cincocentos euros (103.500 €) na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a contratación de 15 prazas do servizo de atención terapéutica para persoas con parálise cerebral no Concello de Vigo e 20 prazas do servizo de atención residencial terapéutico para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental nas provincias da Coruña e Lugo.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE OURENSE DA RÚA CONCORDIA E DO TREITO DE AVENIDA DE BUENOS AIRES ENTRE AS RÚAS DE SANTO DOMINGO E RAMÓN CABANILLAS

- *A Xunta e o Concello asinaron en 2018 un protocolo polo que a Administración autonómica se comprometía á execución de distintas actuacións na rede de estradas da cidade*
- *Co obxectivo de simplificar a tramitación administrativa, acordouse que a mellora da rúa Marcelo Macías sería financiada integramente pola Xunta e transferida ao Concello ao remataren as actuacións*
- *O Concello comprometeuse a financiar a totalidade das obras da rúa Concordia, cuxa titularidade lle transfere a Xunta de modo previo á licitación dos traballos*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *Coa transferencia, corresponderanlle ao Concello de Ourense a conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense da totalidade da rúa Concordia e do treito da avenida de Buenos Aires situado entre as rúas de Santo Domingo e Ramón Cabanillas.

A Xunta e o Concello de Ourense asinaron en 2018 un protocolo polo que a Administración autonómica se comprometía á execución de actuacións na rede de estradas na cidade.

No marco deste convenio, incluíanse as melloras das rúas Marcelo Macías e Concordia, que serán asumidas polo Concello tras a execución dos traballos.

Co obxectivo de simplificar a tramitación administrativa das actuacións, estableceuse un acordo polo que a Xunta asumiu o 100% do financiamento das obras na rúa Marcelo Macías, actualmente en execución, e a transferencia a prol do Concello formalizarase unha vez rematados os traballos.

Pola súa banda, o Concello comprometeuse a asumir a totalidade do financiamento das obras da rúa Concordia e a Xunta realizará o cambio de titularidade de modo previo á súa licitación por parte da Administración local.

Estes treitos forman parte da antiga N-120, carecen de funcionalidade dentro da rede autonómica e non teñen a condición de estradas, xa que pertencen ao tecido urbano da propia cidade de Ourense.

Segundo a Lei 8/2013, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

A partir da entrega, correspóndenlle ao Concello de Ourense todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.



A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL QUE EXECUTARÁN AS ONGD

- ***A convocatoria terá carácter plurianual, 2021-2022, cun orzamento de 500.000 euros, e en cada proxecto aprobado é posible anticipar ata o cen por cento das anualidades***
- ***A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta que a maior parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que establece o marco normativo para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento, que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD), cun orzamento para o período 2021-2022 de 500.000 euros.

As ONGD poderán financiar actividades que sexan desenvoltas no marco da sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; na formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; en investigación sobre o desenvolvemento, e na incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as ONG e as agrupacións lideradas por estas cos outros axentes de cooperación, coma universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, as comunidades galegas no exterior, e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento. Para cada proxecto aprobado, poderase anticipar o 100% de cada unha das anualidades (no caso da anualidade do 2022, logo de xustificación da anualidade 2021).

As entidades poderán beneficiarse dunha subvención de 35.000 euros € no caso de que executen proxectos plurianuais de xeito individual. Para proxectos individuais que se executen só durante o ano 2021, a subvención máxima concedida será de 25.000 euros. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación, a subvención concedida poderá acadar os 45.000 euros, mentres que se son anuais a subvención máxima concedida será de 35.000 euros.

A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a maior parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

A XUNTA APOIA CON 170.000 EUROS A PROFESIONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DIXITAL DOS GUÍAS TURÍSTICOS A TRAVÉS DUN CONVENIO CON APIT GALICIA

- ***O acordo de colaboración permitirá apoiar a reactivación deste colectivo e promover novos produtos turísticos adaptados á nova realidade***
- ***Trátase dun dos colectivos máis afectados pola crise do coronavirus***
- ***En virtude do convenio avanza na creación dun selo que certifique a calidade dos servizos dos guías turísticos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e a Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia (APIT Galicia) para afondar na reactivación e adaptación deste colectivo á nova demanda, así como para a creación de novos produtos turísticos vencellados ao Xacobeo e ao Camiño de Santiago.

En virtude deste convenio, a Xunta realizará unha achega de 170.000 euros que permitirán levar adiante accións ao longo deste ano encadradas en dous eixes de traballo.

O primeiro deles, dotado con 125.000 euros, estará orientado a promover a creación de produto turístico propio relacionado coas vilas do Camiño de Santiago e a celebración do Ano Santo que permita, ademais, incentivar a contratación dos guías turísticos. Ademais, impulsarase a creación de ferramentas web, plataformas en liña para a reserva das súas actividades e material para a promoción do traballo dos guías turísticos a través das redes sociais.

A segunda das liñas de traballo, para a que se destinan 45.000 euros, estará dirixida a mellorar a formación e a profesionalización dos guías turísticos, incrementando a súa capacitación e competitividade, fomentando o estudo dos aspectos en que poden mellorar e impulsando a elaboración consensuada co sector do Libro Branco do Guía de Turismo.

No marco precisamente desta liña de traballo, o convenio tamén permitirá avanzar nas bases para a creación dun selo de calidade que certifique a profesionalidade dos guías de turismo de Galicia, dándolle un plus de excelencia ao traballo destes profesionais que, co seu traballo, constrúen a imaxe de excelencia do destino Galicia.

APIT Galicia

Os guías turísticos son un dos colectivos que máis duramente está a sufrir o impacto da pandemia aínda que o seu traballo, desenvolvido nun 80% por mulleres, é fundamental para a imaxe do destino. A Asociación Profesional de Guías de Turismo (APIT Galicia) é a entidade de representación, defensa e promoción dos intereses dos guías turísticos máis antiga de Galicia. Actualmente é a única asociación profesional que defende de xeito exclusivo os intereses deste colectivo en Galicia e que está representada na federación estatal de guías CEFAPIT.

A XUNTA APOIARÁ A MOBILIZACIÓN DE 5,6M€ PARA POTENCIAR AS CAPACIDADES E ACTIVIDADES INNOVADORAS DE PEMES E MICROEMPRESAS GALEGAS

- ***O Consello acordou hoxe convocar a cuarta edición do programa InnovaPeme co obxectivo de beneficiar ao redor de 40 empresas***
- ***As axudas contribúen a mellorar a organización da función innovadora, a identificación de tecnoloxías clave do negocio, a comercialización de produtos e servizos innovadores e a captación de financiamento para o incremento da innovación ou para a protección industrial dos seus resultados***
- ***Nesta nova edición non se poderán presentar as empresas que xa foron beneficiarias destas axudas con anterioridade, co obxectivo de achegar a innovación ao maior número de compañías posible***
- ***Desde a súa primeira convocatoria, en 2017, este programa xa permitiu apoiar un total de 124 pemes e microempresas, cunha mobilización de 21,2 millóns de euros de gasto en I+D+i, ademais de favorecer o mantemento e creación de 618 postos de traballo***

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión de hoxe, convocar a cuarta edición do programa InnovaPeme co obxectivo de potenciar as capacidades e actividades innovadoras de ao redor de 40 microempresas e pemes galegas. Cunha liña de axudas por valor de 2,8 millóns de euros e grazas á colaboración público-privada, a mobilización prevista en gasto en I+D+i poderá duplicarse ata alcanzar os 5,6M€.

A iniciativa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, destínase ao financiamento de actividades de innovación coordinadas a través dun plan de actuacións proposto polas empresas para iniciar, intensificar ou mellorar a súa capacidade e desempeño. Deste xeito, os recursos diríxense á organización da función innovadora, á identificación de tecnoloxías clave do seu negocio, e á mellora da comercialización de produtos e servizos innovadores, á captación de financiamento para incrementar a innovación ou para a protección industrial dos seus resultados.

Entre as novidades desta convocatoria destaca a exclusión daquelas empresas que xa foron beneficiarias do programa en edicións anteriores, o que responde á filosofía deste programa que pretende achegar a innovación ao maior número de firmas posible, co obxectivo de que Galicia conte cun tecido empresarial competitivo baseado na innovación e na creación de emprego cualificado.

Para optar ás axudas, de concorrencia competitiva e que se convocarán a finais de mes, as empresas deben presentar unha folla de ruta ou plan de actuacións onde se recollan as actividades que pretenden desenvolver de xeito organizado e coherente coas súas necesidades. Neste sentido, deben ser actividades de innovación ou fomentar a innovación en materia de procesos ou organización e estar aliñadas con algunha das prioridades da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3). As actuacións estenderanse durante un mínimo dun ano e como máximo ata o 30 de setembro de 2022.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, será necesaria a presentación do informe Innobench –un sistema de medición froito da colaboración da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), co Consorcio da Zona Franca de Vigo e o grupo Rede da Universidade de Vigo– no momento da solicitude, así como tras a finalización do plan, permitindo deste modo ter unha visión global das necesidades iniciais da empresa antes de executar o plan e os resultados acadados en termos de mellora dos indicadores globais de desempeño innovador.

Cada beneficiario recibirá unha axuda de entre 40.000 e 100.000 euros cos que se quere promover a cultura da innovación, incrementar o número de empresas innovadoras, aumentar a competitividade das pemes galegas, potenciar a colaboración destas co resto de axentes do ecosistema innovador, favorecer a comercialización de resultados de I+D+i, ampliar a visión da innovación por parte dos xestores e aumentar o gasto en I+D e nas actividades innovadoras.

Para reforzar os resultados de InnovaPeme, fortalecerase a interrelación con outras iniciativas como os IFI Innova, os fondos de capital risco de XesGalicia ou o programa ReAcciona.

Balance

Desde a posta en marcha de InnovaPeme, no ano 2017, a Xunta concedeu axudas a un total de 124 pemes e microempresas cun orzamento de 10,6 millóns de euros, o que favoreceu unha mobilización de 21,2 millóns de gasto en I+D+i. O 44% dos apoios foron para microempresas, o 35% para pequenas empresas e o 21% restante para medianas. Ademais, o 78% das beneficiarias non tiña recibido unha axuda da Axencia Galega de Innovación desde a súa creación, polo que este apoio representou, para moitas delas, a primeira oportunidade de cara a consolidarse no futuro como empresas innovadoras en Galicia. Os sectores relacionados coas TIC, a enxeñaría e o agroalimentario foron os que recibiron un maior apoio.

Por outra parte, InnovaPeme permitiu o mantemento e creación de 618 postos de traballo e está impulsando a colaboración con máis de 150 entidades, universidades, centros e empresas tecnolóxicas, polo que se logrou reforzar a innovación colaborativa entre estas entidades de menor tamaño.

O programa complementase coas medidas postas en marcha polo Goberno galego dirixidas ao fortalecemento das pemes galegas a través da innovación e das novas tecnoloxías. Así, a Axencia Galega de Innovación (Gain) ofrece apoio ao emprendemento baseado en tecnoloxía a través da súa rede de aceleradoras ou programas como o Ignicia; promove a captación e retención de talento con iniciativas como Principia ou Talento Sénior; impulsa a investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica con iniciativas como Fábrica Intelixente, as Unidades Mixtas de Investigación ou Conecta Hubs, e fomenta o crecemento innovador.

A XUNTA COMPLETARÁ PROGRESIVAMENTE A EXTENSIÓN DAS AULAS DIXITAIS NOS CENTROS PÚBLICOS ENTRE 1º DE PRIMARIA E 2º DE BACHARELATO

- ***O Consello autoriza o acordo marco por importe de 18,5 millóns de euros para a subministración e instalación de 5000 aulas dixitais que restan para completar a extensión ao 100% do alumnado***
- ***A actuación enmárcase no Plan de infraestruturas dixitais educativas 2021-2023 (Plan EDU100), que supón un investimento total de 134,6 millóns de euros nos próximos tres anos***
- ***Todos os centros educativos públicos disporán de conectividade de banda larga de 1 Gigabit e wifi en todos os espazos docentes***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe autorizar a contratación mediante un acordo marco da subministración e instalación de 5.000 paneis interactivos para aulas de centros educativos por un importe de 18,5 millóns de euros.

Estes 5.000 paneis interactivos cumprirán co obxectivo de que o 100 por cento das aulas de centros públicos dependentes da Consellería de Educación de entre 1º de primaria e 2º de bacharelato sexan dixitais.

O acordo marco, cunha vixencia de dous anos prorrogables, consta de dous lotes, aos cales poderán optar diferentes provedores (un por cada lote). O primeiro, cunha dotación de 17,84 millóns de euros, destinarase á subministración dos paneis interactivos. O segundo, de 665.500 euros, será para a instalación destes equipamentos.

Esta actuación enmárcase no Plan de infraestruturas dixitais educativas (Plan EDU100) que ten en marcha a Xunta, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Neste mesmo capítulo de extensión das aulas dixitais haberá un investimento doutros 6,1 millóns de euros para o mantemento e actualización das aulas actuais e para a creación de 800 aulas con portátil de aula e proxectores con PDI.

134,6 millóns de euros entre 2021 e 2023 para o Plan EDU100

O Plan EDU100 ten un investimento total previsto de 134,6 millóns de euros co obxectivo, entre outros, de que o 100% do alumnado de entre 1º de primaria e 2º de bacharelato amplíe a súa capacidade de conexión ata 1 Gbps, e dispoña de wifi en todos os espazos docentes e os equipamentos necesarios para o modelo educativo dixital do proxecto Abalar.

O Plan permitirá ampliación das conexións de fibra de 1 Gbps a todos os centros educativos e a renovación das plataformas tecnolóxicas que dan servizo ás aulas virtuais e aos sistemas de ensino dixital, ao que se destinarán 11 millóns de euros. Os centros disporán tamén de wifi en todos os espazos docentes. Este capítulo suporá un investimento de 6,7 millóns de euros. Instalaranse 4.808 puntos wifi en 2021, que se sumarán aos 1.020



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

instalados no primeiro trimestre deste ano; e está previsto instalar outros 1.678 en 2022. Ademais, haberá 5.200 novos puntos de rede por cable para aulas.

O Plan EDU100 inclúe tamén como novidade para o vindeiro curso 2021/22 a extensión do libro dixital aos cursos de 3 e 4º de ESO (ata o momento só se aplica a 5º e 6º de primaria e a 1 e 2º de ESO), cun investimento de 44,3 millóns de euros, o que suporá duplicar o número de alumnos beneficiados.

O Plan de infraestruturas dixitais educativas tamén prevé un investimento de 41,4 millóns de euros para a dotación de equipamentos informáticos portátiles, ordenadores de sobremesa para centros e renovación dos equipamentos para postos administrativos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VALGA PARA COMPLETAR A MELLORA DA ESTRADA PO-190 CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 530.000 EUROS

- *O Goberno galego financiará as obras e o Concello de Valga será o encargado de contratalas e executalas, e asumirá a titularidade do treito tras a actuación*
- *Dáselles continuidade aos traballos executados recentemente nos primeiros 470 metros desta travesía, cun investimento da Xunta que roldou os 370.000€*
- *Intervirase no seguinte tramo da vía, entre os puntos quilométricos 0+470 e 1+290, reconstruíndo as beirarrúas coas mesmas características que as xa executadas, mellorando a accesibilidade e eliminando as barreiras arquitectónicas*
- *Renovarase os servizos municipais da rede de augas pluviais, de abastecemento e de iluminación e mudarase a totalidade do pavimento*
- *A Xunta e o Concello colaboran na mellora de infraestruturas viarias que favorecen o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Valga para completar a execución das obras de mellora da estrada PO-190.

A Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, financiará a actuación cun investimento de máis de 530.000 euros.

O Concello de Valga contratará e executará as obras, ademais de comprometerse a asumir a titularidade do treito obxecto desta actuación. O decreto para o cambio de titularidade será elevado nas próximas semanas ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

Co convenio autorizado hoxe dáse continuidade aos traballos de urbanización da travesía da PO-190, executados nunha primeira fase no ano 2020, entre os puntos quilométricos 0 e 0+470, cun investimento da Xunta que roldou os 370.000 euros.

Esta segunda fase da actuación, entre os puntos quilométricos 0+470 e 1+290, permitirá completar a urbanización da travesía.

As intervencións que se executarán nesta segunda fase consisten no arranxo e demolición das beirarrúas e a súa reconstrución coas mesmas características que o tramo xa renovado, seguindo a liña de promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas en que vén traballando a Xunta.

Nesta actuación incluírase, tamén, a renovación dos servizos municipais da rede de augas pluviais, de abastecemento e de iluminación. Ademais, soterrarase a rede eléctrica e tramos da rede telefónica.

Tamén se executarán varios muros, tanto de sostemento de estrada como de contención de terras, e renovarase na súa totalidade o pavimento da calzada, así como a sinalización horizontal e vertical.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Con esta actuación a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Valga, fomenta a mellora das infraestruturas viarias que favorecen o desenvolvemento económico e social e achegan unha maior calidade de vida á cidadanía.

Na seguinte imaxe amósase o plano do treito da actuación:



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CASTRO DE REI PARA COMPLETAR A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA CUN INVESTIMENTO DE 400.000 EUROS

- ***A Xunta achegará o 80% do orzamento, 320.000 euros, e executará as obras e o Concello de Castro de Rei contribuirá co 20% restante, 80.000 euros***
- ***Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar os traballos, que teñen un prazo de execución de seis meses e serán financiados no marco do Eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020***
- ***As obras mellorarán as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar os problemas de abastecemento que se producen en época estival***
- ***Executarase un ramal partindo dun tramo de conducción, que se desenvolverá nunha primeira fase, complementando a conexión co parque empresarial e o servizo***
- ***O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente***

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración co Concello de Castro de Rei para completar a mellora da rede de abastecemento de auga potable do municipio, que suporá un investimento de 400.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 320.000 euros. O Concello de Castro de Rei contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 80.000 euros.

As actuacións, cun prazo de execución de seis meses, serán financiadas no marco do Eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á COVID-19.

Unha vez autorizado hoxe este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, para o que é preciso a consecución da documentación municipal comprometida, que inclúe someter o proxecto a información pública, así como pór á disposición os terreos necesarios para levar a cabo as actuacións.

As obras recollidas no convenio mellorarán as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar os problemas de abastecemento que se producen en época estival.

Trátase dunha nova actuación, que lles dará continuidade as obras da primeira fase contratadas por Augas de Galicia, aprobadas nun convenio anterior co Concello, e que supoñen un investimento de preto de 630.000 euros. Nesta primeira fase construíranse 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Proxéctase tamén a execución de varias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desaugadoiros proxectados, así como as conexións coa rede existente.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico complementará esta primeira intervención e centrarase na execución dun ramal que, partindo dun tramo de condución que se desenvolverá na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial e o servizo. Para acometer este ramal, emprégase unha condución de 1.529 metros con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

A solución proxectada por Augas de Galicia deixará preparado para as actuacións que poidan ser necesarias cara ao futuro.

O proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes desta contorna para o ano 2040.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

Planta xeral das actuacións proxectadas:




Imagen 1 Planta general actuaciones

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MOS PARA COMPLETAR E REMATAR A REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE PEREIRAS CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 430.000 EUROS

- ***O Executivo autonómico asume o seu compromiso de financiar o 75% das obras de saneamento desta parroquia***
- ***A Xunta asumirá o custo desta nova fase dos traballos, que serán financiados no marco do eixe REACT-UE do programa Feder Galicia 14-20, como parte da resposta da UE á COVID-19***
- ***Nas vindeiras semanas Augas de Galicia licitará as obras pendentes en toda a zona norte da parroquia e parte da sur non executada, que teñen un prazo de 4 meses***
- ***A rede proxectada servirá unha poboación máxima de 96 habitantes na zona norte e 132 habitantes na zona sur***
- ***O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar de xeito máis eficaz os servizos de saneamento e abastecemento***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financieira da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Mos para completar e rematar a rede de saneamento na parroquia de Pereiras, que suporá un investimento autonómico de 430.000 euros.

Con este acordo, o Executivo autonómico dá luz verde ao acordado co Concello, que en decembro de 2019 executou xa parte da rede de saneamento na zona sur desta parroquia, financiada integramente pola entidade local. Deste xeito, a Xunta asume o seu compromiso de financiar o 75% das obras de saneamento desta parroquia.

A Xunta asumirá o custo desta nova fase dos traballos, que serán financiados no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á COVID-19.

As obras, que se licitarán nas vindeiras semanas, contan cun prazo de execución de 4 meses.

Actuacións que se levarán a cabo

O concello de Mos pertence ao Consorcio do Louro e dirixe as augas residuais do concello á estación depuradora de augas residuais de Guillarei. A parroquia de Pereiras divide a súa rede de saneamento en zona norte e zona sur, quedando pendente de completar toda a zona norte e parte da sur non executada.

Segundo o proxecto redactado por Augas de Galicia, as actuacións que se levarán a cabo para completar a rede de saneamento da parroquia de Pereiras dividiranse en dúas zonas.

Na zona norte proxéctase un colector principal, cunha lonxitude duns 593 metros en PVC 315 mm, e un colector secundario, cunha lonxitude de 178 metros, en tubaxe de PVC 315 mm. Executaranse tamén 35 pozos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na zona sur, completárase a intervención coa execución de 1.052 metros de tubaxe de PCV 315 mm e un total de 46 pozos.


Os traballos completaranse coa reposición dos firmes das vías que resulten afectadas.

Unha vez recibidas as obras polo Concello, o Consorcio do Louro asumirá a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

Coa mellora proxectada servirase unha poboación de 96 habitantes na zona norte e 132 habitantes na zona sur.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito máis eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

Na seguinte imaxe amósase a planta das actuacións extraída do proxecto construtivo:



A XUNTA CREA UNHA NOVA LIÑA DE APOIO PARA SALAS DE CINE DOTADA CON 350.000 EUROS

- ***O Consello dálle luz verde a esta convocatoria, consensuada co sector, que abre unha vía directa de inxección económica para as empresas dun ámbito clave no audiovisual e un dos que máis está a notar os efectos da crise sanitaria***
- ***As contías outorgadas destinaranse á programación de cinema galego e europeo, adaptación dixital, campañas de promoción do noso audiovisual e de captación de espectadores e a accións especiais para públicos concretos***

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á convocatoria dunha nova liña de subvencións para empresas galegas de exhibición cinematográfica de carácter comercial dotada con 350.000 euros para apoiar proxectos de adaptación dos espazos, así como de programación e promoción.

Axilízase, deste xeito, a inxección económica que suporán estas axudas para as salas privadas de exhibición cinematográfica, un dos ámbitos claves do sector audiovisual galego, pero tamén un dos máis afectados pola crise sanitaria a diferentes niveis: a diminución dos seus ingresos directos tanto nos momentos de peche como nos de limitación da capacidade, a redución das estreas e circulación internacional de filmes e os cambios de hábitos no consumo audiovisual derivados do crecemento das plataformas dixitais durante a pandemia.

As subvencións serán concedidas en réxime de concorrencia non competitiva, de xeito que as contías se distribuirán cuns límites fixos en función do número de pantallas dos cinemas, primando ademais as salas situadas en localidades de menos de 25.000 habitantes e a proxección de filmes en versión orixinal.

Mantemento da actividade e do emprego

Esta nova vía de apoio, consensuada cos representantes das propias salas, insírese nos obxectivos asumidos polo Goberno galego a través do Plan de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da COVID-19, especialmente no que se refire á reactivación da actividade e ao mantemento do emprego. Dentro desta mesma iniciativa autonómica, as salas de cinema contaron o ano pasado cun programa extraordinario de apoio por importe de 120.000 euros.

As contías outorgadas este ano destinaranse especificamente á adaptación dixital e sanitaria dos espazos, a campañas para a captación de públicos e para a promoción do audiovisual galego, ao reforzo da programación de producións galegas e europeas e a accións especiais, como descontos ou convites, dirixidas á infancia, á xuventude e a colectivos profesionais recoñecidos polo seu labor durante a pandemia.

Na actualidade, operan en Galicia 12 empresas exhibidoras de cinema, que dan emprego directo a máis de 250 persoas. Dez delas son entidades independentes con sede social na nosa Comunidade, que xestionan 31 salas e suman 114 pantallas, mentres que as dúas restantes corresponden a empresas de salas comerciais de ámbito estatal. Con esta



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

convocatoria recoñécese, pois, o seu papel no conxunto do sector e refórzase o programa de subvencións ao audiovisual galego, do que tamén forman parte as liñas dirixidas á produción e coprodución, ao desenvolvemento de proxectos, á promoción do talento ou á difusión en festivais e mercados internacionais.

A XUNTA APROBA AS SUBVENCÍONS A FESTIVAIS DE MÚSICA E DE ARTES ESCÉNICAS CUN ORZAMENTO DE 540.000 EUROS

- ***Retómase a axuda aos encontros profesionais de música, que en 2020 foi substituída por outros apoios debido ás cancelacións e modificacións de formato***
- ***No caso das artes escénicas, increméntase nun 5% o seu orzamento, priorizando a presenza de compañías galegas para axudar aos profesionais***
- ***O Goberno autonómico continúa a reforzar o impulso á cultura para contribuír á recuperación e preservar o emprego no marco do Plan de reactivación cultural***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as novas bases das subvencións a festivais profesionais de música e de artes escénicas, segundo as que se reserva unha dotación de 540.000 euros para apoiar estes eventos, considerados estratéxicos nos seus ámbitos, diante dun contexto sanitario que continúa a condicionar a súa organización. Como xeito de axilizar a achega de liquidez para a posta en marcha destas citas culturais e grazas á autorización específica do Goberno galego, este ano introdúcese como novidade a exención de constituír garantía por parte das entidades adxudicatarias que soliciten anticipos da axuda concedida.

No caso específico dos encontros musicais, a que se destinan 340.000 euros, retómase a súa convocatoria despois de que o ano pasado fose suplida por outras vías de apoio ao sector ante a maioritaria suspensión ou modificación dos seus formatos habituais. Pola súa banda, a modalidade de artes escénicas si puido levarse a cabo en 2020, ano respecto ao que experimenta un incremento orzamentario do 5% para situarse nos 200.000 euros.

As bases deste ano introducen modificacións para se adaptar tanto á situación derivada da COVID-19 e que se insiren no paquete de medidas do vixente Plan de reactivación cultural da Xunta. Así, no caso dos festivais de música, entre os criterios artísticos a valorar terase en conta a memoria da edición inmediatamente anterior ao estado de alarma, de marzo de 2020, xunto coa súa traxectoria e evolución e co proxecto para o que se solicita a subvención. Esta poderá alcanzar un máximo do 40% do orzamento subvencionable.

FEST Galicia

Este apoio complementase co ofrecido a través da marca FEST Galicia, creada pola Xunta da man dunha decena de festivais que funcionan de xeito profesional e que se preocupan por achegar valores engadidos á experiencia musical. En 2020 mantívose esta iniciativa como xeito de contribuír á organización de concertos en liña e de diferentes tipos de convocatorias presenciais de formato reducido, a través das que se conservou o vínculo co público pese ás restricións sanitarias que condicionaron a celebración dos eventos.

Polo que respecta aos festivais escénicos, mantéñense as novidades introducidas o ano pasado no sentido de impulsar a presenza de formacións galegas nos carteis, cuxo importe debe supoñer un mínimo do 60% do total destinado á contratación profesional artística e representar cando menos o 50% da programación. Ademais, o orzamento que poden subvencionar estes festivais a través da convocatoria da Xunta é do 70%, porcentaxe que se



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

eleva ata o 85% no caso de solicitudes conxuntas de entidades locais ou de entidades resultantes de fusión.

Poden optar a esta convocatoria persoas físicas ou xurídicas privadas e administracións locais organizadoras de festivais que se celebren entre o 1 de novembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021, que conten cunha traxectoria anterior de polo menos dúas edicións e que ofrezan nos seus carteis un mínimo de seis compañías ou grupos, entre outros requisitos.

A Xunta continúa a manter estes apoios ao sector no difícil contexto ao que aínda se enfrontan os festivais galegos en 2021 e insírese no Plan de reactivación cultural, que este ano viu incrementado o seu orzamento en 23 millóns de euros. A través del, búscase contribuír á recuperación da actividade e preservar o emprego no conxunto do sector, tanto desde o punto de vista artístico como técnico. Tamén se pretende recuperar a confianza do público na asistencia aos espectáculos, garantindo a seguridade en teatros, auditorios e demais recintos, en cumprimento estrito das medidas sanitarias en vigor.

A XUNTA IMPULSA CON 200.000€ A CREACIÓN DUN NOVO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN NO CONCELLO DE MONTERROSO

- ***O Consello dá visto e praxe a un convenio para divulgar as pezas recompiladas e catalogadas desde hai máis de 50 anos polo párroco Carlos Méndez***
- ***Incluirá restos históricos de diferentes épocas que permitirán coñecer como era unha feira tradicional e as transaccións económicas na Galicia do Antigo Réxime***
- ***Ampliará a oferta museística galega que encara unha nova etapa tras a recente aprobación da Lei de museos de Galicia e un incremento orzamentario do 12%***

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Monterroso, mediante o que a Xunta impulsará a creación dun novo museo e centro de interpretación na vila que permita coñecer e divulgar como era a actividade comercial na Galicia do Antigo Réxime. O Goberno autonómico achegará 200.000 euros.

En virtude desta colaboración, a Xunta de Galicia facilitará que o Concello de Monterroso conte cun lugar para a exposición e posta en valor das pezas doadas polo crego Carlos Méndez e crear, igualmente, un Centro de Interpretación da Feira de Monterroso. Durante máis de 50 anos, o párroco dedicouse a buscar, recoller e catalogar centos de pezas, algunhas encontradas por el mesmo, outras froito de doazóns e outras compradas e creou un museo persoal para que non ser perderan estas pezas.

O novo museo albergará restos históricos de diferentes épocas, algúns prehistóricos e outros atribuíbles a diferentes etapas e movementos artísticos, e de moi diferentes temáticas, como culinaria, espiritual, festiva, artística ou documental, entre outras. Este novo proxecto expositivo estará pensado para todos os públicos, incluíndo tamén os investigadores que poderán estudar pezas singulares de distintas épocas, así como visitantes e peregrinos do Camiño Francés, coa intención de dinamizar a súa experiencia.

Prevese que o novo museo estea situado no antigo centro de saúde, que dispón de tres plantas que permitirían unha exposición permanente, exposicións temáticas, almacén, obradoiro de restauración e intervención das pezas que o necesiten ou un arquivo documental.

Preto dun cento de espazos

A achega económica da Xunta permitirá así ampliar e consolidar a oferta museística galega distribuída en 94 espazos repartidos por toda a xeografía e que encara unha nova etapa tras a recente aprobación da nova Lei de museos de Galicia, a primeira que regula de forma autónoma e independente este ámbito.

Entre outras medidas, algunhas das principais novidades son a posta en marcha do Sistema galego de centros museísticos, unha estrutura organizativa e funcional para coordinar de xeito eficiente os recursos así como o desenvolvemento das redes e centros museísticos, unha figura que fomenta a cooperación e aproveitamento dos recursos, a que os museos poderán adherirse en función da súa titularidade ou temática. Ademais, a Xunta reforza este



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ano os museos galegos cun 12% máis de investimento co obxectivo de impulsalos como xeradores de coñecemento e de riqueza.



A XUNTA DESTINA 121 MILLÓNS DE EUROS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN SANITARIA URXENTE A TRAVÉS DO 061 DE GALICIA

- ***O Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 renovan o seu contrato programa que terá validez ata decembro de 2022 e que poderá ser prorrogado***
- ***Permitirá seguir ofrecéndolle ao cidadán a resposta máis axeitada á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na comunidade autónoma galega***

A Xunta de Galicia vai destinar 120.955.131 euros ao contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a coordinación e prestación da atención sanitaria urxente extrahospitalaria na nosa comunidade. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta na xuntanza desta mañá. O contrato entrará en vigor mañá mesmo.

A Administración autonómica repartirá esta cantidade nos dous anos, 51.424.133 euros son para o período que vai desde este mes ata decembro do presente ano. Os restantes 69.530.998 euros destínanse ao ano 2022 na súa totalidade.

A sinatura do contrato permitirá seguir ofrecéndolle ao cidadán a resposta máis axeitada á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma galega.

Desde o ano 1995, a Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é o organismo encargado de coordinar a atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias na comunidade autónoma, de xeito que, cando varias demandas de atención coinciden no tempo, procede á súa clasificación, co obxecto de dar a resposta máis axeitada a cada unha delas, seguindo criterios de saúde e de optimización de recursos. Ademais presta, durante as 24 horas do día, servizos sen mobilización de recursos –consello médico urxente, información sobre a saúde e asesoría médica– ou ben con mobilización –emerxencias, asistencia *in situ*, transporte sanitario urxente, visita domiciliar e transporte secundario–.

Así mesmo, Urgencias Sanitarias de Galicia-061 xestiona o servizo de transporte sanitario urxente terrestre a través de 12 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, medicalizadas e catro de enfermaría; dous helicópteros medicalizados; 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e dúas ambulancias convencionais que compoñen a Rede de transporte sanitario urxente de Galicia e garanten a cobertura ás urxencias e ás emerxencias sanitarias en toda xeografía galega as 24 horas, os 365 días do ano.

A vinculación entre a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e o Servizo Galego de Saúde formalízase mediante contratos programa que permiten organizar o funcionamento do 061 de Galicia en función dos criterios de planificación do Sergas e das necesidades dos usuarios. Nos contratos programa establécense os plans de obxectivos de



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

actividades e os recursos económicos para o seu financiamento. O primeiro destes contratos programa asinouse en decembro de 2006.



O SERGAS ENGADE OUTROS 670.000 EUROS AOS PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- ***Esta cantidade súmase aos 5.810.472 euros que aprobou o Consello da Xunta a semana pasada con destino a entidades sen ánimo de lucro que desenvolven tarefas asistenciais neste ámbito***

O Consello da Xunta autorizou hoxe catro convenios de colaboración entre o Sergas e asociacións sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos adictivos. Estes novos acordos, cun importe total de 667.838 euros súmanse aos que xa se aprobaron a semana pasada por valor de 5.810.472 euros.

As asociacións destinatarias destes importes levan a cabo programas de intervención e asistencia sanitaria e especializada, así como unha atención desde o enfoque biopsicosocial, ás persoas con trastornos relacionados con alcohol, o tabaco o xogo e outros trastornos adictivos. Durante o pasado ano 2020, foron atendidas, ao abeiro destes convenios, preto de 13.000 persoas.

As catro entidades destinatarias son a Asociación viguesa de alcoholoxía Asvidal, cun importe de 198.708 euros; a Unidade de tratamento do alcoholismo e condutas aditivas Utaca, con 192.693 euros; a Asociación As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico con 168.253 euros; e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, que recibirá 108.184 euros.

No desenvolvemento destes programas, as asociacións atenderán toda a demanda xerada, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade na súa respectiva área de influencia. En definitiva, realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias, seguindo os criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. Estas colaboracións destacan a particular importancia e interese público do establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos aditivos en Galicia, para acadar o tratamento, a incorporación social e a recuperación destes pacientes.

Os programas teñen en conta os aspectos necesarios para dar resposta ás necesidades dos colectivos máis vulnerables, atendendo á perspectiva de xénero, ás necesidades específicas das mulleres que padecen este tipo de patoloxías, e darase unha resposta máis completa ás necesidades das persoas que padecen patoloxía dual.

Na actualidade, as adiccións son consideradas como unha enfermidade que require un tratamento multidisciplinar e personalizado. Ante calquera problema relacionado coas adiccións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria que avaliarán cada caso e derivarán ao centro que proceda.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

As complexas situacións e circunstancias derivadas das adicións necesitan de instrumentos de asesoramento e orientación técnica e profesional por un equipo multidisciplinar e experto na materia, para prestar cobertura en todas as situacións persoais, sociais e xudiciais en que se vexan involucrados, optimizando a canalización do usuario ao recurso da rede asistencial máis adecuado. Con tal finalidade, a Xunta de Galicia apoia o desenvolvemento de programas de información e orientación socio-xurídico en condutas aditivas por diversas entidades sen ánimo de lucro.

CATRO TITULADOS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA PODERÁN REALIZAR PRÁCTICAS A TRAVÉS DE BOLSAS QUE CONVOCARÁ A XUNTA

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto destas bolsas para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos durante dous anos no Instituto Galego de Formación en Acuicultura***
- ***A elas a Consellería do Mar destina algo máis de 93.000 euros e os titulados realizarán as prácticas laborais nun ámbito de empresa ficticia en que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero no que a titularidade é da Administración***
- ***Con iniciativas coma esta o Executivo galego busca favorecer a capacitación das persoas tituladas no ciclos de acuicultura e ofrecer unha formación integral para facilitar o seu acceso ao mundo laboral***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto para a convocatoria de catro bolsas de formación dirixidas a titulados de ciclos formativos en materia de acuicultura.

Estas bolsas de especialización son para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos durante dous anos no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa) da Illa de Arousa e a elas a Consellería do Mar destina algo máis de 93.000 euros.

As estadias serán en réxime de empresa tutelada, é dicir, os titulados realizarán as prácticas laborais nun ámbito de empresa ficticia en que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero no que a titularidade é da Administración responsable do proceso de formación. Isto implica que cada unha das persoas beneficiadas polas bolsas contará con titores que designará a Consellería do Mar e que se encargarán de elaborar un plano formativo para as persoas beneficiarias das bolsas.

Poderá optar a estas bolsas o alumnado titulado nalgún dos centros formativos situados en Galicia como técnicos/as medios en Operacións de Cultivo Acuícola, técnicas/os medios en Cultivos Acuícolas, técnicos superiores en Produción Acuícola e técnicos superiores en Acuicultura, sempre que non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin.

O importe de cada bolsa inclúe unha asignación mensual bruta de 900 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día en que se publique a orde da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Nela as persoas interesadas poderán consultar as bases e requisitos para a presentación de solicitudes.

Mediante a formación práctica que se ofrece a través destas bolsas, a Xunta busca favorecer a capacitación dos titulados no ciclos de acuicultura e ofrecer unha formación integral e perfeccionada. O obxectivo de iniciativas coma esta é favorecer a especialización do alumnado e facilitar o seu acceso ao mundo laboral.

GALICIA REFORZA OS APOIOS FINANCEIROS ÁS EMPRESAS CUNHA NOVA LIÑA DE 30M€ DESTINADA Á SÚA TRANSFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN

- *A Xunta activa un novo fondo no marco das medidas postas en marcha para a reactivación e o crecemento do tecido produtivo no actual contexto económico atendendo ás recomendacións realizadas polo Comité de expertos económicos*
- *O obxectivo é promover procesos de internacionalización, dixitalización e innovación, melloras produtivas e tecnolóxicas, así como a profesionalización de equipos, mediante financiamento a longo prazo e apoio estratéxico especializado*
- *As empresas beneficiarias terán que desenvolver plans estratéxicos e a achega mínima que poderá recibir cada unha delas será de 1M€*
- *O axeitado cumprimento do plan por parte das beneficiarias poderá xerar unha redución de custos asociados ao financiamento concedido*
- *O Goberno ampliou tamén os prazos de devolución dos créditos para seguir apoiando a solvencia das empresas e autónomos*

A Administración autonómica activa un novo programa financeiro para apoiar a transformación e modernización do tecido produtivo galego e impulsar así a reactivación e o crecemento económico da Comunidade no contexto provocado pola pandemia da COVID-19. Como informou o Consello da Xunta esta mañá, a nova liña contará cunha dotación de 30 millóns de euros cos que se amplían os apoios financeiros dirixidos ás empresas, neste caso con axudas a longo prazo que inclúen servizos de soporte estratéxico especializado.

A nova iniciativa, que a Xunta coordinará a través de XesGalicia co apoio do Igape e que se enmarca nas recomendacións realizadas polo Comité de expertos económicos, impulsará proxectos de internacionalización e optimización da competitividade empresarial mediante propostas que inclúen a súa dixitalización e a innovación, mellora de produtos ou procesos produtivos, desenvolvemento tecnolóxico, profesionalización dos equipos de xestión e directivos ou reestruturación societaria. Poderán formalizarse operacións consistentes na achega de capital ou préstamos participativos, ambas as dúas con volumes de entre un e cinco millóns de euros.

As pemes e grandes empresas que desexen optar ás axudas deberán presentar un plan estratéxico que especificará as medidas que implementarán e o calendario de execución. O cumprimento axeitado deste plan por parte das beneficiarias poderá xerar unha redución significativa no custo asociado ao financiamento concedido. XesGalicia, ademais de avaliar o potencial transformador, a viabilidade financeira e económica, os riscos asociados a cada proxecto e a experiencia e características das empresas solicitantes, porá á disposición das compañías beneficiarias un servizo gratuíto de consultoría para colaborar no deseño e definición de cada plan.

As medidas de apoio financeiro en 2021

Con esta liña, a Xunta pon en marcha outro dos instrumentos financeiros incluídos nos orzamentos de 2021, exercicio en que a dotación orzamentaria para este tipo de axudas se

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

multiplica por tres ata chegar aos 187M€. Reforza así os apoios deste tipo destinados ás pemes, aos autónomos e aos sectores máis castigados pola crise provocada pola pandemia da COVID-19 e impulsa novos investimentos industriais que permitan a reactivación económica de Galicia no menor tempo posible.

Estes instrumentos dan continuidade ás liñas de axudas financeiras postas en marcha a partir do inicio da pandemia pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para apoiar os colectivos empresariais máis afectados polas consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria achegándolles liquidez, de forma directa ou indirecta, para facer fronte ás necesidades inmediatas ou acometer investimentos que garantan a súa actividade.

Ampliación de prazos

No que respecta aos apoios activados o ano pasado para avalar a concesión de préstamos por parte das entidades financeiras, a Xunta de Galicia ampliou os prazos de devolución dos créditos achegados para seguir apoiando a solvencia das empresas e autónomos mentres recuperan a súa actividade.

Deste xeito, os beneficiarios de operacións de ata 200.000 euros contarán agora con sete anos para a amortización, incluíndo dous de carencia, mentres que os dos microcréditos – que achegan ata 20.000 euros– poderán devolvelos ata en oito anos, tamén con dous de carencia. Ata o momento, ambas as dúas liñas levan facilitado a concesión de máis de 2500 créditos por valor de case 130 millóns de euros.

A PANDEMIA SUPUXO EN 2020 UN GASTO EXTRAORDINARIO PARA A XUNTA DE GALICIA DE 629 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o peche do exercicio e outro sobre as actuacións tributarias realizadas en 2020*
- *O Goberno galego gastou todo o necesario para atender todo o relativo á pandemia e, ao mesmo, tempo controlou o déficit e a débeda*
- *Galicia pechou 2020 cun déficit do 0,1% e foi a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento de toda España*
- *Ademais, o ano pasado liderou o esforzo investidor de toda España*
- *Tamén foi a Comunidade máis áxil no pagamento aos seus provedores cunha media de 18,7 días, a metade que o conxunto de comunidades*
- *Un de cada cinco contribuíntes beneficiáronse o ano pasado da suspensión do pagamento de impostos autonómicos posta en marcha polo Goberno galego*

A pandemia supuxo en 2020 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 629 millóns de euros, cun esforzo adicional para a Administración autonómica de 90 millóns, xa que tivo que gastar esa cantidade por riba dos recursos recibidos, segundo se reflicte nun informe da Consellería de Facenda e Administración Pública analizado hoxe polo Consello da Xunta.

En canto á desagregación por áreas, destes 629 millóns de euros, 270,3 millóns –a maior parte- destináronse á sanidade; 115,8 millóns a educación; 70,2 millóns de euros foron para o reforzo das políticas sociais; e finalmente, 53,7 millóns destináronse a emprego.

Hai que ter en conta que 2020 foi un ano excepcional no cal o Executivo galego tivo que tomar medidas orzamentarias extraordinarias. Neste sentido, xa no mes de marzo aprobou un Plan de tesouraría con 1.800 millóns de euros para dotar de liquidez a Tesouraría da comunidade e axudar s familias e empresas; creou un Fondo COVID-19 para poder financiar os gastos adicionais vinculados á pandemia no Sergas e nos servicios sociais, e aprobou un Plan de reactivación e dinamización para mobilizar máis de 3.000 millóns.

Líderes en esforzo investidor e pagamento a provedores

O informe tamén recolle que Galicia liderou o ano pasado o esforzo investidor de toda España. De feito, foi a Comunidade Autónoma con maior peso dos investimentos sobre o total do gasto non financeiro, cun 13,5%, case o dobre que a media, que foi do 7,2%.

Por outra banda, a Xunta foi un ano máis a administración autonómica máis áxil no pagamento aos seus provedores. Galicia pagou nunha media de 18,7 días –a metade de tempo que o conxunto de comunidades- aos seus máis de 14.800 provedores. Nun ano con moitas dificultades de liquidez para as empresas, o importe pagado pola Xunta acadou os 3.380 millóns de euros nun total de 606.827 facturas.

Control do déficit e da débeda

En 2020, ano no que se suspenderon as regras fiscais, Galicia pechou o ano cun déficit do 0,1% do PIB. O Goberno galego gastou todo o necesario para atender todo o relativo á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

pandemia sen deixar de investir nin un só euro dispoñible e, ao mesmo tempo, controlou o déficit e a débeda. Ademais, a comunidade pechou o ano cun diferencial de débeda coa media autonómica de 7,2 puntos, o máximo da serie histórica, segundo os datos publicados polo Banco de España, e foi a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento, cun 19,9% de ratio débeda/PIB, fronte ao 27,1% da media das CC.AA.

Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, e esta redución da ratio de endebedamento nos últimos exercicios fai que estea nunha mellor posición financeira para responder ás exixencias económicas derivadas dos efectos negativos do coronavirus e para seguir combatendo a pandemia, impulsar a reactivación económica e atender as necesidades das familias, pemes e autónomos.

Actuacións tributarias

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén analizou hoxe un informe sobre o impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 por mor da pandemia do cal se desprende que un de cada cinco contribuíntes se beneficiaron desta medida posta en marcha pola Xunta. En total, 43.125 familias beneficiáronse dos aprazamentos de impostos da Xunta. A maiores deste adiamento, a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) concedeu o ano pasado 2.003 aprazamentos de impostos por importe de 12,9 millóns de euros.

A Atriga tamén puxo en marcha en 2020 o sistema de cita previa para que aqueles cidadáns que o precisaran puidesen realizar trámites de xeito presencial e presentar autoliquidacións dos impostos que xestiona a Administración autonómica. En concreto, entre maio e decembro, a Atriga tramitou nas súas delegacións 54.009 citas presenciais.

Non obstante, cada ano a oficina virtual e o pagamento telemático das obrigas tributarias van gañando peso e, en 2020, o 72,1% das declaracións sobre vehículos xa foron telemáticas. Esta porcentaxe foi do 40,2% nas declaracións sobre imposto de transmisións patrimoniais. En canto ao imposto de sucesións e doazóns, foron telemáticas o 19,2% e o 14,7%, respectivamente, multiplicando por seis e por catro as do exercicio anterior.

Por outra banda, en 2020, efectuáronse 294.095 comprobacións de autoliquidacións de impostos, tanto do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) como do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), os tributos que concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados pola Xunta. O 96% das autoliquidacións do imposto de sucesións e doazóns e o 93% das do imposto de transmisións patrimoniais, foron correctas.

Ademais, o 98,1% dos galegos e das galegas aplicaron correctamente os beneficios fiscais e a Atriga deu a súa conformidade a sete de cada 10 das máis de 592.000 valoracións de bens presentadas o ano pasado.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA AVANZA NA AXILIZACIÓN E SIMPLIFICACIÓN DA TRAMITACIÓN AMBIENTAL COA DEFINICIÓ DUNHA REDE DE ENTIDADES EXPERTAS

- ***O Consello da Xunta dá o visto e praxe ao inicio do procedemento de elaboración do Decreto polo que se regulará a actividade destas entidades e se define o banco de persoas expertas en materia de avaliación ambiental***
- ***Unha empresa que opte por impulsar a tramitación ambiental cunha entidade colaboradora recibirá a resolución pertinente da Xunta nun prazo máximo dun mes***
- ***Trátase de aportar claridade e simplificación sen minugar o nivel de protección ambiental que fixan as directivas europeas, estatais e autonómicas***

A Xunta de Galicia avanza un paso decisivo na axilización e simplificación da tramitación e avaliación ambiental dos plans e proxectos que se leven a cabo na Comunidade galega coa definición dunha rede de entidades expertas neste ámbito.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o seu visto e praxe ao inicio do procedemento de elaboración do Decreto polo que se regularán as entidades de colaboración ambiental e se crea o banco de persoas expertas en avaliación ambiental, que inicia o seu período de consulta pública previa, que será de 30 días.

Esta decisión está fundamentada na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que regula no artigo 41 as entidades de colaboración ambiental, ás cales se atribúen as seguintes funcións: verificación da conformidade coa normativa aplicable dos plans, programas e proxectos que se vaian someter a avaliación ambiental, e colaboración na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, en particular na realización dos trámites de información pública e consultas e na análise técnica dos expedientes. Tamén poden facer o seguimento dos pronunciamentos ambientais e colaboración nas funcións de inspección ambiental.

Deste xeito, a avaliación ambiental -un requisito esencial de moitos proxectos empresariais- axilízase considerablemente, pasando dun período máximo de 5 meses a un mes, garantindo a máis absoluta protección ambiental, tendo en conta as diferentes normativas europeas, estatais e autonómicas que rexen na actualidade.

A Xunta aposta por esta vía co obxectivo de ofrecer novas oportunidades para Galicia, á par que se fomenta unha colaboración especializada e de alto valor engadido entre a Administración e entidades privadas e profesionais de alta cualificación e solvencia.

Así mesmo, é unha oportunidade para que o órgano de avaliación ambiental conte co apoio máis elevado de competencia técnica para realizar de xeito obxectivo e efectivo a avaliación ambiental en calquera campo que normativamente así o exixa.

Comité de expertos

O obxectivo do Goberno galego é contar co máximo nivel de coñecemento experto, polo que se propón un mecanismo de habilitación previa como condición necesaria para poder

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

exercer as funcións de entidade de colaboración ambiental e de persoa experta, sen restrinxir ás empresas o seu acceso ao servizo, pero garantindo que as mesmas se desenvolven coa mesma competencia técnica, independencia e imparcialidade exixibles á Administración.

En todo caso, para poder exercer como entidade colaboradora deberá presenta unha comunicación previa, en que se constate o cumprimento dos requisitos que se determinen regulamentariamente, que dispoñen dos medios e da cualificación técnica necesaria, así como a cobertura da responsabilidade que implique a dita actuación, mediante subscripción do correspondente contrato de seguro ou garantía equivalente.

Co fin de preservar a obxectividade destes procedementos, é necesario establecer un rexistro público e transparente que asegure o escrutinio de todas as partes interesadas.

A regulación legal das entidades de colaboración ambiental e do banco de expertos encoméndase a unha norma regulamentaria, polo que se inicia a súa tramitación coa consulta pública previa, tras o visto e praxe dos membros do Goberno galego.

Así, os interesados, cidadáns, organizacións e asociacións poderán trasladar as súas achegas que poidan enriquecer esta regulación, antes da elaboración do texto articulado do proxecto desta norma.

En definitiva, o reforzo dos mecanismos de avaliación ambiental en Galicia, á vez que a axilización dos procedementos, redundará nun desenvolvemento económico equilibrado e respectuoso co ambiente constituíndo un ecosistema resiliente.

A XUNTA XA INVESTIU MÁIS DE 31 M€ PARA A REHABILITACIÓN DE INMOBLES AO ABEIRO DO PROGRAMA REXURBE COS QUE DISPOR DE 131 VIVENDAS EN NÚCLEOS HISTÓRICOS

- ***O Consello coñeceu un informe sobre as actuacións realizadas deste plan, a través do cal o Goberno galego xa adquiriu 76 propiedades***
- ***Acábase de convocar a cuarta oferta pública, que este ano prioriza a rehabilitación na cidade da Coruña e nos concellos de Ribadavia e Tui***

A Xunta de Galicia ten comprometidos máis de 31 millóns de euros na adquisición e rehabilitación de 76 inmobles localizados nos núcleos históricos ao abeiro do programa Rexurbe, cos cales prevé obter 131 vivendas nestes núcleos singulares.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, coñeceu un informe sobre os resultados deste programa de rehabilitación, impulsado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, tras a recente convocatoria da cuarta oferta pública para a adquisición de inmobles, por un importe global de 1,5 millóns de euros.

O programa Rexurbe é unha iniciativa de rehabilitación e recuperación do Goberno galego, co obxectivo de contribuír á rexeneración de zonas degradadas nas zonas vellas das vilas e cidades galegas.

Na actualidade, os municipios en que se está aplicando o programa Rexurbe son os de Ferrol, Betanzos, A Coruña, Lugo, Mondoñedo, Viveiro, Vilalba, Ourense, Ribadavia e Tui, onde o IGVS ten inmobles adquiridos de xeito directo ou a través das convocatorias lanzadas desde o ano 2018.

En concreto, xa se executaron por completo as obras de 15 propiedades, que deron como resultado 26 vivendas nos seguintes concellos: 9 en Lugo, 8 en Betanzos, 5 en Ourense, 2 en Mondoñedo e 2 en Ferrol. Ademais, hai outros 61 inmobles adquiridos ao abeiro deste programa que actualmente están en fase de execución ou en proxecto, coa previsión de obter da súa rehabilitación un total de 105 vivendas protexidas.

Oferta 2021

A proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o presente exercicio prioriza a adquisición de inmobles nos concellos da Coruña, Ribadavia -ambos municipios con Área Rexurbe declarada- e de Tui -coa Área Rexurbe solicitada-.

O importe da actual convocatoria -feita pública hai unha semana- é de 1,5 millóns de euros, dos cales 1 millón de euros se destina á cidade da Coruña; 250.000 euros, a Ribadavia, e 250.000 euros, para Tui.

Un dos criterios que se terá en conta para a súa adquisición é o interese da área en que se atope. Darase prioridade aos edificios que teñan un valor arquitectónico especial que aconselle a súa recuperación, aqueles cuxa recuperación poida contribuír de xeito especial á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

rexeneración ambiental da zona onde estea localizado e ás ofertas que prevexan a recuperación dun cuarteirón completo.

En calquera caso, os edificios que se pretendan adquirir permitirán que as futuras vivendas reúnan as condicións óptimas de confort e habitabilidade; non se atopen afectados por servidumes ou cargas, que poidan facer inviable a actuación, e que os custos de rehabilitación non resulten desproporcionados.

Os propietarios interesados en presentar as súas ofertas dispoñen ata o 9 de xullo para trasladar á Xunta as súas propostas.

Programa Rexurbe

O Goberno galego puxo en marcha en 2017 o programa Rexurbe, co fin de adquirir inmobles localizados nos conxuntos históricos e rehabilitar aqueles que poidan ser recuperados ou construír outros novos nos soares baleiros.

As vivendas resultantes cualifícanse como vivendas de promoción pública, pasan a formar parte do parque de vivenda en alugamento e adxudícanse a través do Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.

O concello de Betanzos foi o municipio que acolleu a experiencia piloto deste programa e, posteriormente, en 2018, 2019, 2020 e agora en 2021 realizáronse ofertas públicas de adquisición de inmobles nas citadas localidades.

A XUNTA REALIZA UN INVESTIMENTO DOUTRO MILLÓN DE EUROS NOS CENTROS SANITARIOS GALEGOS PARA CONTINUAR FACENDO FRONTE Á COVID-19

- ***As áreas sanitarias da Coruña e Cee, e de Pontevedra e O Salnés son as que recibirán este orzamento destinado, fundamentalmente, á adquisición de material, prestación de servizos e traballos de mantemento***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres expedientes de contratación, por valor de 991.410 euros, para subministrar material e equipamento, así como prestar determinados servizos aos centros sanitarios do Sergas, fronte á COVID-19. Nesta ocasión, os investimentos destínanse ás áreas sanitarias da Coruña e Cee, e de Pontevedra e o Salnés.

Os dous primeiros expedientes, cun importe total de 887.910 euros, refírense a área coruñesa. Por unha banda, aprobouse un investimento de 777.896 euros, dos que a maior parte se destinan a tarefas de limpeza e aseo cun custo de 264.779 euros, aos que hai que engadir 223.679 euros para a realización de diversos traballos nas instalacións e outros 170.247 euros para a adquisición de vestiario. O resto do orzamento divídese entre instrumental sanitario, material non sanitario de mantemento, e tarefas de seguridade.

Ademais, o segundo expediente recolle un total de 110.014 euros, dos que 54.327 euros van para servizos informáticos, 34.993 euros para mantemento de instalacións e 13.148 euros para mobiliario, completándose o resto do orzamento con diversa maquinaria, instalacións, utensilios e transporte.

En canto ao terceiro e último expediente aprobado hoxe polo Consello da Xunta, refírese a un investimento de 103.500 euros para a adquisición de esterilizadores destinados a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Concretamente, son dos esterilizadores de vapor de 8 UTE (unidade técnica de esterilización), o que vén sendo aproximadamente unha capacidade de 578 litros. O destino destes esterilizadores é o Hospital de Montecelo, onde está situada a central que realiza as tarefas de esterilización tanto para o propio Montecelo como para o Hospital Provincial.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 6,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A CREACIÓN DE 35 NOVAS PRAZAS PÚBLICAS RESIDENCIAIS PARA PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E TRASTORNO DUAL

- ***Estas prazas contrataranse inicialmente ata o 31 de decembro de 2022, pero poderán prorrogarse ata xullo de 2026***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde á creación de 35 novas prazas públicas residenciais de atención especializada a persoas con discapacidade. Para iso, o Goberno galego investirá 6,1 millóns de euros, cos que se habilitarán 15 prazas para persoas con parálise cerebral no concello de Vigo e 20 para trastorno dual (discapacidade intelectual combinada con enfermidade mental).

Estas prazas públicas contrataranse inicialmente ata o 31 de decembro de 2022, pero poderán prorrogarse ata xullo de 2026. Trátase de dúas tipoloxías de prazas moi específicas que requiren moitos medios técnicos e persoal altamente cualificado.

Esta contratación responde á demanda que existe deste servizo e reforzará notablemente a atención residencial á discapacidade en Galicia. Deste xeito, o número de prazas públicas residenciais especializadas en parálise cerebral incrementarase un 13% ata acadar as 133, e a cifra de prazas de atención a persoas con trastorno dual aumentarán un 22% e chegar as 110.

A atención ás persoas con discapacidade é un dos ámbitos nos que Galicia avanzou desde o ano 2009. Hoxe Galicia conta cun 25% máis de prazas públicas de atención á discapacidade, máis de 5.400, e a Xunta duplicou o investimento nesta materia, xa que este ano se destinan 126 millóns de euros, mentres que hai doce anos eran 65 millóns de euros.